



RESOLUCIÓN DO 13 DE XUÑO DE 2012 POLO QUE SE ANULAN CURSOS DE LINGUAXE XURÍDICO GALEGO PARA O PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA QUE PRESTEN SERVIZOS FÓRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Mediante Resolución do 24 de abril de 2012, convocáronse cursos de linguaxe xurídico galego para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza que presten servizos efectivos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

A diminución nas transferencias de financiamento á Comunidade Autónoma de Galicia en concepto de formación para o emprego nas administración públicas e de acordo coa política orzamentaria, que implica o necesario equilibrio entre ingresos e gastos, esixe nestes momentos efectuar un axuste nos créditos asignados inicialmente á Escola Galega de Administración Pública, de acordo co principio de austeridade que preside a xestión do gasto público.

En consonancia co exposto no parágrafo anterior, e co obxectivo de cumprir a normativa en materia de estabilidade orzamentaria e déficit público.

RESOLVO

Anular as edicións dos cursos que se relacionan no Anexo desta resolución convocados por Resolución do 24 de abril de 2012

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2012.

O DIRECTOR DA EGAP



Pablo Figueroa Dorrego



ANEXO

CÓDIGO	NOME DO CURSO	EDICIÓN	DATA
FX12011	Medio de Linguaxe Xurídico Galego	T01	17/09 ao24/11/2012
FX12012	Superior de Linguaxe Xurídico Galego	T01	17/09 ao24/11/2012
FX12012	Superior de Linguaxe Xurídico Galego	T02	17/09 ao24/11/2012